

# GABI DOS 8 AOS 13 ANOS

# 1028

Engeli Broberg, 2021

ESTREA EN NUMAX: 26.11.2022 | V.O.S.E | +10 | 75 min

Gabi simplemente quere ser Gabi. Un desexo que parece sinxelo, pero que non o é. Gabi séntese diferente. Aínda que nos seus 8 anos de vida, dicir as cousas claras nunca lle supuxo ningún problema. Pero cando a familia se traslada a unha pequena vila e chega á puberdade, as cousas empezan a cambiar.

«Fascinante... Unha historia humana e moi fermosa, que vai directa ao corazón»

SCREEN DAILY



## Un mundo cheo de cores

*Notas da directora, Engeli Broberg*

Cofecín a Gabi e á súa nai en novembro de 2014 nunha cafetería de Estocolmo. Cando falamos, volvíñ á miña infancia, porque Gabi pensaba e preguntábase as mesmas cousas ca min cando tiña a súa idade: Que significa ser unha nena e que significa ser un neno? Teño que encaixar nalgunha destas etiquetas? Como lesbiana, síntome identificada con Gabi cando ten a sensación de que é diferente ao resto de nenos e nenas e que non segue a norma social, e tamén entendo o medo que pode dar chegar a darse conta desta diferenza e o feito de non ser aceptada.

A maioría de sociedades están construídas sobre a premisa de que existen dous tipos de seres humanos: homes e mulleres. Que o corpo nos defina ten un efecto sobre a nosa personalidade, a forma en que actuamos e a nosa posición na sociedade. Aquelas persoas que se saen da norma e dese patrón de pensamento son consideradas diferentes. Gabi é un exemplo. Loita contra as ideas preconcebidas sobre como “debe ser” unha nena e isto fai que constantemente teña que xustificar e defender todo o que fai. Isto dóelle, e tamén a todos aqueles nenos e aquelas nenas que non acaban de encaixar na súa contorna.

As persoas adultas a miúdo restan importancia a que haxa nenos e nenas que se identifiquen como non binarios porque consideran que aínda son demasiado pequenos para entendelo ou que só é unha fase e que “xa lles pasará”. Cando chegan á puberdade, cámbialles o corpo e faino dunha maneira que quizais non sexa como lles gustaría. Isto moitas veces fai que se sintan incómodos ou que mesmo caian nunha depresión. Hai estudos que demostran que máis da metade da xente nova trans ou que se identifica como non-binaria tentouse suicidar polo menos unha vez antes de cumprir os vinte anos.

Por tanto, é urxente que nos empeceamos a preguntar como entendemos o xénero e a cuestionar a norma que seguimos. Eu quero vivir nun mundo que, aínda que fose innecesariamente restrinxido dunha forma moi dolorosa, se abra e encha de cor. Un mundo no que o xénero sexa unha experiencia positiva para todos.